

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 17 DE XULLO DE 2024

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Enlace de Igualdade

Comendador Rey, Beatriz

Representantes PDI

Barriocanal López, Yolanda

Representante PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Representante Egresados

Lozano González, Carlos

Representante da Sociedade

Díaz Naya, Rosa M^a

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o mércores 17 de xullo de 2024, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 21 de marzo de 2024 (ordinaria).
2. Informe do presidente.
3. Validación, se procede, do rexistro dos seguintes rexistros vinculados aos seus correspondentes procedementos:
 - a) R1 DO-0301 P1 Verificación/chequeo de información pública
 - b) R1 DO-0202 P1 Plan de promoción do Centro
 - c) R1 DO-0203 Plan de acción tutorial (PAT) e atención ás necesidades específicas de apoio educativo
 - d) R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia [prorrógase]
 - e) R1 DO-0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares [prorrógase]
5. Asuntos de urxencia.
6. Rolda de intervencións.

DESCULPAN AUSENCIA

Colaboradora de Calidade

López Díaz, María

Representante estudiantado

Domínguez Carrera, Lucía

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 21 de marzo de 2024 (ordinaria).

Aprobase por asentimento

2. Informe do presidente.

O presidente comeza informando de diferentes actividades desenvolvidas dentro do plan de captación de alumnado dende o pasado mes de marzo en que se celebrou a última xuntanza da comisión de calidade, entre elas a nova campaña publicitaria e de imaxe contratada coa empresa Nassas Social Media. As principais novidades tiveron que ver co deseño de novas creatividadeas baseadas na idea de fundir conceptos de diferentes épocas, a planificación nunha única fase, entre o 20 de maio e finais de xuño e a aposta decidida por formatos verticais que ao parecer ofreceron moi bos resultados nas dúas campañas anteriores. No mes de abril realizouse unha primeira acción en medios propios e con contidos en Facebook, Twitter e Instagram, así como en medios de pago, con campañas en diferentes plataformas dixitais. Tamén se prepararon materiais adaptados á web coas novas creatividadeas, actualizáronse as imaxes de portadas dos perfís en redes sociais e publicáronse o diferentes contidos orgánicos durante a semana activa. Segundo os datos da empresa houbo 140 clics na ligazón a través de Facebook (cun custe de 600€) e 1.196 en Instagram (cun custe de 1.440€). En TikTok houbo 2.897 clics cun custe de 1.000 €.

Tamén dento do plan de captación, o decano informa que participou na campaña organizada pola vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade durante a Semana de Portas Abertas Virtuais celebrada entre o 17 e o 21 de xuño que, basicamente, pretendía que o alumnado interesado puidese plantexar dúbidas o consultas aos responsables de captación dos centros conectándose dentro do horario facilitado pola vicerreitoría, que no noso caso foi o 19 de xuño, e só se conectou un posible alumno. Indica que agás en títulos moi concretos o número de asistentes foi moi reducido e mesmo en varios non se conectou ninguén malia o cal considera positiva a experiencia.

En canto ao estado da matrícula comenta que o número de solicitudes totais en primeira convocatoria foi 39 como 1ª preferencia, e 37 como 2ª preferencia, cifras que son moi similares ás do curso pasado, con algo máis de solicitudes como primeira opción, pero un número bastante inferior en segunda opción. No caso do PCEO con Turismo o número de solicitudes en primeira opción foi só de 4, a pesares dunha certa recuperación da titulación de Turismo que de momento non semella reflectirse no dobre Grao. Formalizáronse as 39 solicitudes e 2 no PCEO, co cal considera que se poderá acadar sen problemas o número mínimo de 45 alumnos en posteriores chamamentos.

Aborda, a continuación, diversos aspectos máis directamente relacionados coas competencias da comisión e así informa, a continuación, que conforme se elaborou o rexistro R1 DO-0301 P1 Verificación/chequeo de información pública, tamén se aproveitou para realizar a revisión da documentación do SGIC [manual de calidade, procedementos e formularios] do centro e das súas titulacións, vinculado ao procedemento XD-01 Control dos documentos e dos rexistros e, asemade, que se levou a cabo unha revisión en profundidade de web, actualizando contidos e eliminando outros que xa estaban desfasados no tempo, incluídos determinados datos de cursos de máis de cinco anos que sobrecargaban en exceso a web. Agradece especialmente o traballo realizado polo vicedecano de calidade, Antonio Presedo e do profesor Luis Velasco que puido realizar el mesmo un bo número de actualizacións grazas ao cal logramos reducir considerablemente o custo de todas estas actualizacións.

Engade que aínda se está a realizar o Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2022-2023, e que a previsión do coordinador de Calidade e pasalo pola Comisión de Calidade en setembro para a súa validación. Neste senso sinala as crecentes dificultades que ten a Área de Apoio a Centros que neste intre atópase cun posto sen cubrir e pendentes da incorporación da persoa que debe substituír a Josefa Rodríguez Bouzas e cunha sobrecarga de traballo que fai certamente complexo atender ás múltiples responsabilidades propias da súa competencia.

Informa asemade, que os coordinadores das titulacións do noso Centro xa comezaron co proceso de revisión das guías docentes para o vindeiro curso académico (2024-2025), un proceso que vai cun notable atraso respecto ao pasado curso académico ao que non é alleo o deficiente funcionamento da plataforma SIGMA e do propio DOCNET.

Finalmente, lembra aos membros da comisión que na pasada xuntanza do 21 de marzo informárase á comisión de que se remitira en tempo e forma o Resumo de accións de mellora incorporadas no SGIC e as alegacións ao Informe provisional de renovación da certificación da implantación do SGC da Facultade de Historia que foron aprobadas na xuntanza extraordinaria da comisión de Calidade do pasado 28 de febreiro e informa que no mes de abril emitiuse o informe final coa cualificación de «favorable» que precisamente valoraba de xeito moi positivo o documento resumo das accións incorporadas no SGIC para dar resposta ao detallado no informe provisional e destacando como fortalezas o compromiso do equipo directivo no desenvolvemento do Sistema de Xestión de Calidade e os esforzos para mellorar a transparencia dos resultados do Sistema de Garantía de Calidade.

O representante de egresados, Carlos Lozano da os seus parabéns polo gran traballo realizado en captación de alumnado. Sinala que, na súa experiencia, os alumnos do seu centro non contaban con moita información. Tamén apunta que se podería colaborar con antigos alumnos que exercen como profesores de secundaria para estas tarefas de captación.

Responde o decano que esa era unha das ideas que manexa o equipo decanal, xa que se ten demostrado que, no caso da nosa facultade, o máis importante é o proceso “boca a boca”. Así mesmo destaca a concentración de alumnado procedente de determinados centros, precisamente aqueles nos que imparten docencia antigos alumnos da facultade. Insiste en que este procedemento rinde mellores resultados que todo o traballo feito a través das redes sociais.

A profesora Yolanda Barriocanal comenta que o alumnado que fai prácticas a través do Mestrado de Secundaria tamén podería desenrolar unha labor destacada neste proceso de captación de alumnado.

3. Validación, se procede, dos seguintes rexistros vinculados aos seus correspondentes procedementos:

a) R1 DO-0301 P1 Verificación/chequeo de información pública

b) R1 DO-0202 P1 Plan de promoción do Centro

c) R1 DO-0203 Plan de acción titorial (PAT) e atención ás necesidades específicas de apoio educativo

d) R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia [prorrógase]

e) R1 DO-0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares [prorrógase]

O decano cede a palabra ao coordinador de calidade, Antonio Presedo Garazo, para que informe dos mesmos.

Sinala o coordinador de calidade, en relación co primeiro procedemento (verificación/chequeo da información pública) que se trata dun rexistro que obrigou a realizar unha limpeza e actualización na web, para que sexa operativa e, sobre todo, liberar de información desfasada. Considera que, neste punto resulta problemática a dependencia dunha empresa externa.

En relación co segundo procedemento (Plan de promoción do centro) indica que, a diferenza do curso pasado cando se procedeu á súa elaboración en setembro outubro, no presente, elaborouse a partir do mes de marzo, por iso se trae agora para a súa validación.

Finalmente sinala que os tres últimos procedementos son habituais nestas datas e o que se fai, como en ocasións anteriores, e prorrogar os existentes.

Os cinco procedementos son validados por asentimento.

5. Asuntos de urxencia.

Non hai

6. Rolda de intervencións.

Non hai



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.25 horas do día 17 de xullo de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro